

# **UNIDADE 6:**

## **O PERÍODO DE ENTREGUERRAS**

### **1. Introducción**

O Europa da posguerra presenta unha situación xeral de crise económica, política e social. O conflito devastou as estruturas das potencias europeas tradicionais, e foi tamén o contexto no que tivo lugar a Revolución bolxevique de 1917, que significou tanto unha alternativa aos sistemas liberais como un espello para o movemento obreiro internacional.

En contraste co Vello Continente, os Estados Unidos tiveron un forte desenvolvemento económico na década de 1920, ratificando a súa condición de potencia mundial. Sen embargo, as bases deses “felices anos 20” saltaron polos aires co afundimento de Wall Street en 1929 e a consecuente Gran Depresión. A inestabilidade mundial derivada desta crise económica facilitará o auxe dos fascismos e acabará por desencadear unha nova guerra, a Segunda Guerra Mundial, aínda máis destrutiva que a Gran Guerra.

### **2. A Revolución rusa de 1917**

Ao comezo da Gran Guerra, o Imperio ruso era unha gran potencia, pero cun sistema político aínda anquilosado no Antigo Réxime, cunha monarquía absoluta liderada pola dinastía Romanov. A derrota sufrida na Guerra Ruso-xaponesa provocou unhas masivas protestas en 1905, o “Domingo Sanguento”, reprimidas con moita dureza polo réxime, e que acabaron por favorecer o crecemento do movemento obreiro.

A inestabilidade económica, social e política de Rusia acentuouse coa súa entrada na Gran Guerra. O exército ruso sufriu severas derrotas por parte das tropas alemás, agravando o malestar da poboación polas duras condicións económicas consecuencia da guerra. A situación volveuse insostible e 1917 será o ano clave no que terán lugar dúas revolucións que acabaran co tsarismo.

## 2.1. A Revolución de febreiro



O malestar pola guerra motivou, en **febreiro de 1917**, unha serie de manifestacións de protesta que comezaron reivindicando pan, pero acabaron esixindo grandes transformacións políticas. Nestas accións destacaron os **soviets**, unhas organizacións formadas por campesiños e obreiros, aos que agora se sumaron moitos soldados. Ante esta complicada situación, o tsar ruso, Nicolás II, decide abdicar, **proclamándose despois unha República cun goberno provisional no que destacará a figura de Kerenski**. Os novos gobernantes (demócratas e liberais) tiveron que afrontar moitas peticións dos grupos revolucionarios, que non eran só socioeconómicas (como o reparto de terras ou a mellora das condicións laborais...), senon tamén rematar coa participación rusa na Primeira Guerra Mundial.

A decisión de continuar na contenda bélica xerou unha situación de dobre poder na que a actitude do goberno provisional contrasta coas posicións dos soviets, cada vez máis controlados polos **bolxeviques, un grupo marxista (comunista) liderado por Vladimir Ilich Ulianov, “Lenin”**. Este enuncia as denominadas **Teses de abril**, resumidas no lema “Paz, Terra e Pan”, e que reivindicaban que todo o poder debía ser para os soviets.

## 2.2. A Revolución de outubro ou Revolución bolxevique

Á inestabilidade do goberno provisional de Kerenski e ao desgaste provocado por continuar na Gran Guerra súmase un **intento de golpe de Estado no verán de 1917 para instalar unha ditadura militar**. O fracaso do golpe soamente apraza a fin do feble goberno.

En **outubro de 1917**, dirixidos por Lenin e Trotski, os bolxeviques comezan en Petrogrado (San Petersburgo) a súa **revolución**, tomando o pazo de Inverno, sede do goberno. Unha vez acadado o poder, os bolxeviques monopolizarán as estruturas do Estado, deixando fóra a outras

tendencias e establecendo un goberno que tomará diferentes medidas:

- **Sinatura do Tratado de Brest-Litovsk** con Alemaña, polo que Rusia retirábase da Gran Guerra e cedía unha importante cantidade de territorios aos alemáns.
- **Expropiación e reparto das terras** entre o campesiñado.
- Entrega da **dirección das industrias aos comités obreiros**.
- Cambio de nome do partido, xurdindo o **Partido Comunista como o único legal**.
- **Creación da Cheka, policía política** encargada de perseguir á disidencia.



### ***2.3. A Guerra Civil rusa (1918-1921)***

A oposición aos bolxeviques, formada por tsaristas, liberais e menxeviques, agrupouse no denominado Exército Branco e, co apoio de Gran Bretaña, Francia e mesmo Xapón, enfrontárase ao novo **Exército Vermello**, organizado por Trotski, nunha cruenta guerra civil ata ser derrotado.

O sistema político e económico organizado pola Rusia soviética durante a **Guerra Civil** coñécese como “**comunismo de guerra**”. O obxectivo era manter a subministración ás áreas urbanas, e especialmente ao Exército Vermello, para evitar revoltas, o que se conseguiu coa aplicación dunha serie de reformas:

- **Control absoluto** da economía e da política por parte do Estado.
- **Nacionalización de empresas**, férrea disciplina laboral e prohibición de folgas.
- Confiscación e racionamento de alimentos, así como **abolición da propiedade privada**.
- Creación das **primeiras granxas colectivas**.



## 2.4. A construción do Estado soviético. Lenin e Stalin.

Unha vez rematada a guerra, con vitoria comunista, acelerábase o proceso de consolidación do novo Estado soviético, nacente oficialmente en 1922 a **Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (URSS)**. Os principais órganos de goberno serán Congreso dos Sóviets e o Comité Executivo Central, pero ambos estarán controlados polo **Partido Comunista da Unión Soviética (PCUS)**, quedando totalmente identificados Estado e Partido.

### 1. Lenin (1917-1924):

Para solucionar a crise provocada pola guerra e a escaseza derivada do “comunismo de guerra”, Lenin impulsou a **Nova Política Económica (NEP)**, que supoñía a volta parcial a unha economía de mercado, ao aplicar aspectos como a aceptación de certa propiedade privada no campo, na industria e no comercio, freando a colectivización forzosa, aínda que o Estado pasou a controlar directamente actividades como a banca, a industria pesada ou o comercio exterior.

### 2. Stalin (1924-1953):

A morte de Lenin en 1924 levará a unha loita pola sucesión no PCUS, que acabará coa vitoria de **Iósif Stalin** sobre León Trotski, que será desterrado. Ideoloxicamente, Trotski era partidario da “Revolución permanente” para estender o socialismo fóra das fronteiras soviéticas, mentres que Stalin era partidario do “Socialismo nun só país”, convertendo á URSS nunha potencia e nun exemplo para futuras revolucións.

Ata a súa morte en 1953, Stalin convértese no líder absoluto da URSS, establecendo unha **ditadura totalitaria**. A nivel político, o **culto ao líder** será clave, presentando a Stalin como a personificación do socialismo, e calquera posición política diverxente sería condenada por “contrarrevolucionaria”. Toda a sociedade (membros do PCUS, intelectuais, militares...) era candidata a sufrir unha **represión que implicaba a execución ou o envío aos campos de traballo forzados (gulags)**.



No que respecta á economía, Stalin abandona a NEP, considerada anticomunista, e inicia a **planificación económica por parte do Estado**: na agricultura a propiedade foi colectivizada, mentres que na industria deseñáronse os “planos quinquenais”, que pretendían converter á URSS nunha potencia industrial, priorizando a industria pesada e a militar.


### 3. Os “felices anos 20”

Trala Primeira Guerra Mundial e a crise da posguerra, os anos que van de 1924 a 1929 supuxeron un breve lapso de tempo no que semellaba posible a recuperación europea e mundial. Sen embargo, as ilusións axiña se verían desfeitas polo crac de Wall Street e a crise económica.

#### 3.1. A reconstrución europea. O Plan Dawes e a “concordia ilusoria”

Os Estados Unidos experimentaron un gran auxe económico na posguerra; a súa industria permanecera á marxe da destrución bélica e nos anos 20 consolidouse como primeira potencia mundial. Para obter o pagamento das débedas que contraeran os europeos, os estadounidenses idearon un sistema económico circular, o **Plan Dawes**, que lles beneficiaba pero que levaba implícito o risco de que unha crise nun dos países afectaría a todo o conxunto.

## PLAN DAWES (1924)



Coa mellora da economía propiciada polo Plan Dawes, as relacións internacionais tamén melloraron. Este período de relativa estabilidade denomínase “**concordia ilusoria**”. Para tratar os problemas xurdidos a raíz do Tratado de Versalles e os demais tratados de paz, tivo lugar a **Conferencia de Locarno**, onde os países participantes acordaron respectar as fronteiras fixadas. Nese contexto, Alemaña entra na Sociedade de Nacións e en 1928 asínase o **Pacto Briand-Kellogg**, no que 15 Estados comprometíanse a renunciar á guerra para solucionar os conflitos internacionais.

### 3.2. As transformacións sociais

A aparente estabilidade económica e política tivo a súa concreción a nivel social na consolidación e expansión da **sociedade de consumo**. Os Estados Unidos foron pioneiros no desenvolvemento dunha clase media que comezou a levar un estilo de vida caracterizado polo consumo, apoiado polo crédito bancario. O concepto dos “**felices anos 20**” alude a esta eclosión social, favorecida polos medios de comunicación como o cine ou a radio.




A situación da muller tamén cambiou nos anos 20. Rompendo cos parámetros tradicionais de filla/esposa/nai sumisa e relegada ao ámbito doméstico, xorde outro modelo de muller, autónoma, con traballo remunerado e pautas de ocio propias, a “flapper”. Tamén a partir desta década en moitos países, tras anos de **loita sufraxista**, as mulleres acadan o seu dereito ao voto.

## 4. A crise de 1929 e a Gran Depresión

O dinamismo económico dos anos 20 semellaba sólido e eterno. O ambiente de confianza xeneralizada fixo caso omiso das sinais de debilidade estrutural do crecemento, con moitos desaxustes e contradicións, e en 1929 a economía mundial saltou polos aires tras o **crac do 29**.

O detonante da **crise atópase no mercado de valores de Wall Street**. O temor dos inversores fixo que o 25 de outubro de 1929 trece millóns de accións saísen á venda. Este exceso de oferta tivo como consecuencia un afundimento dos prezos das accións. A situación empeorou o martes 29 de outubro, denominado “martes negro”: a Bolsa colapsou completamente, as accións non valían nada.



Esta crise, inicialmente bursátil, espallouse rapidamente **por todo o sistema económico**:

- Os inversores con accións sen valor acudiron masivamente aos bancos para retirar os seus aforros, o que supuxo a **creba dos bancos e a ruína de milleiros de cidadáns**.
- Tanto o **sistema crediticio como o consumo caen totalmente**, co que as **industrias entran en crise**, non poden vender os seus produtos e rematan por pechar e provocar un **incremento do paro**, o que acentúa aínda máis a escaseza da demanda de produtos.

- **As economías europeas**, moi dependentes dos créditos estadounidenses a Alemaña, que servían para o pagamento a Gran Bretaña e Francia das reparacións de guerra, **víronse arrastradas á crise**.
- Os países reaccionaron inicialmente con **políticas proteccionistas** que limitaron o comercio internacional e con **políticas deflacionistas** de redución de gasto público e crédito, como a levada a cabo polo presidente Hoover nos Estados Unidos, o que agravou a crise.
- **A miseria e a marxinación social medraron** enormemente nos Estados Unidos e en Europa.

#### ***4.1. As respostas á crise: keynesianismo e New Deal***

Os países afectados pola **Gran Depresión** derivada do “crac do 29” víronse na obriga de adoptar políticas económicas intervencionistas que ían contra os principios clásicos do capitalismo de libre mercado. **Xorden así os sistemas económicos mixtos**, que combinan capitalismo con intervención estatal, tal e como defendía o economista **J.M. Keynes**.

As políticas keynesianas son levadas á práctica polo presidente estadounidense F.D. Roosevelt a partir de 1933, nun conxunto de medidas denominadas **New Deal**. O obxectivo deste plan era reactivar a demanda para fomentar o emprego, para o que levou a cabo varias iniciativas:


- **Axudas directas** a agricultores endebedados.
- **Limitación da produción** agrícola e industrial para conseguir un aumento dos prezos.
- Política estatal moi activa de **construción de obras públicas** (estradas, encoros...) para incrementar o emprego.
- **Intervención parcial da Banca e da Bolsa** de Wall Street para garantir a estabilidade financeira e limitar a especulación.
- Desenvolvemento dunha **política de prestacións sociais**: salario mínimo, prestación por desemprego, invalidez ou xubilación...

A partir de 1938 a economía dos Estados Unidos comeza a recuperarse, pero non será ata a Segunda Guerra Mundial cando se acaden os niveis de produción e emprego previos á crise.

## 5. O fascismo italiano

A pesar de ser unha das potencias vencedoras da Gran Guerra, Italia non viu satisfeitas as súas demandas territoriais durante as negociacións dos tratados de paz. A iso hai que sumar paro, folgas, soldados veteranos desencantados, crise económica e inestabilidade social. Neste contexto, o caldo de cultivo perfecto, xorde a figura de **Benito Mussolini**, que formará un grupo paramilitar, os *Fasci di combattimento* e, máis tarde, en 1921, fundará o **Partido Nacional Fascista**.

Finalmente, no ano 1922, Mussolini chega ao poder, apoiándose no medo das clases medias e altas a unha revolución comunista (como sucedera en Rusia poucos anos antes) e prometendo converter a Italia nunha gran potencia mundia. En outubro, no contexto dunha gran folga xeral, Mussolini convocou aos seus *camisas negras* (nome que recibían as forzas paramilitares fascistas) e dirixiuse cara á capital, nun episodio coñecido como a **Marcha sobre Roma**. Ante esta situación, o rei Víctor Manuel III encargou a Mussolini a formación dun novo goberno.



Unha vez no poder, Mussolini comezou a dar pasos para **converter a Italia nun Estado totalitario**. En primeiro lugar, prohibiu os sindicatos e os demais partidos políticos. A continuación, puxo fin ás liberdades de reunión, asociación e prensa e, por último, perseguíu a toda a oposición política, ata o punto de ordenar asasinatos como o do líder socialista Giacomo Matteotti en 1924, despois de que este denunciara os abusos fascistas. Instaurábase deste xeito en Italia unha ditadura que tivo entre outras as seguintes características:



- Proclamación de Mussolini como **Duce** ou líder supremo, sen que iso significase a ruptura radical cos poderes tradicionais, pois mantivo a monarquía e fomentou o **entendemento coa Igrexa Católica**.

- Creación dunha **policía política**, a OVRA, e utilización da violencia para facer fronte aos desordes sociais (contra líderes sindicais, militantes de esquerda, folguistas, etc.).
- Fundación de **sindicatos corporativos** e fomento da agricultura e o desenvolvemento industrial **autárquico**, sobre todo tras a crise derivada do *crac do 29*. Os resultados foron, en xeral, positivos, cun **forte crecemento económico** no período fascista.
- Adopción dunha **política exterior agresiva**, buscando a expansión territorial en África e nos Balcáns. Ademais, apoiou ao bando franquista durante a Guerra Civil Española.

## 6. O nacionalsocialismo alemán

En 1919 **Adolf Hitler** afiliouse ao Partido dos Traballadores Alemáns (DAP), un pequeno partido nacionalista, anticomunista, antisemita e contrario ao Tratado de Versalles. Pronto se converteu no seu líder, refundando esta agrupación como **Partido Nacional-Socialista dos Traballadores Alemáns (NSDAP)**, comunmente chamado Partido Nazi.

En 1923, durante unha corta estancia no cárcere tras un golpe de Estado fracasado (*putsch de Múnic*), Hitler escribiu o libro que resume a súa ideoloxía, *Mein Kampf (A miña loita)*. Este ideario recollía moitos trazos do fascismo, como o rexeitamento da democracia, a exaltación da violencia e a guerra ou o culto ao xefe, pero tamén tiña algúns trazos propios, entre os que podemos destacar os seguintes:

- Crenza na **lenda da “puñalada polas costas”**, segundo a cal a derrota alemana na Gran Guerra fora debida á acción desde dentro de comunistas, socialistas, xudeus e pacifistas.
- **Nacionalismo baseado na raza**, xa que segundo Hitler, a humanidade dividiase xerarquicamente en razas, sendo a aria a superior, a “raza dos señores” (*Herrenvolk*) ou “homes superiores” (*Übermensch*) que debía dominar a outras razas inferiores (eslavos, xudeus, xitanos...).
- O **antisemitismo** ou odio aos xudeus é levado ás súas últimas consecuencias. Considerábase que os xudeus (seguidos moi de preto polos comunistas) eran os culpables de todos os males que sufría o pobo alemán: o Tratado de Versalles, a crise económica, o perigo bolxevique...



- Necesidade de **conseguir “espacio vital”** (*Lebensraum*) para o expansionismo da raza aria e a creación dunha Gran Alemaña. Este espacio tiña que conseguirse cara o Leste, xa que alí estaba o maior inimigo ideolóxico, o comunismo.

A crise de 1929 e a súa repercusión en Alemaña provocaron un enorme aumento do paro, que non mellorou coas políticas de austeridade aplicadas para combater a crise. As tensións sociais foron en aumento e os obreiros comezaron a apoiar ao Partido Comunista (KPD), mentres as clases medias e altas apoiaban ao NSDAP. O temor a unha revolución por parte de industriais e financeiros deulle aos nacionalsocialistas o impulso que lles faltaba, xa que o consideraban o único capaz de restablecer a orde e protexer os seus intereses. Deste xeito, o **NSDAP aumentou a súa representación no Reichstag** (o Parlamento alemán) con sucesivos éxitos electorais ata que en xaneiro de **1933 Hitler foi nomeado chanceler**. Desde ese instante todos os seus movementos foron encamiñados a facerse co poder total en Alemaña, e non tardou en rematar coa feble democracia da República de Weimar, proclamándose **Führer** (líder, xefe) tras a morte do presidente Hindenburg. Entre as accións levadas a cabo polo goberno hitleriano, cabería destacar as seguintes:



- Creación dun **réxime de partido único**, prohibindo os demais e restrinxindo as liberdades.
- **Persecución dos rivais políticos e as minorías raciais**. Os paramilitares nacionalsocialistas (as SA e as SS) e a policía secreta (a Gestapo) organizaron un réxime de terror. Neste sentido destacan as *Leis de Nuremberg*, que institucionalizaban a persecución contra os xudeus e foron a antesala do exterminio sistemático da poboación xudía, o Holocausto.
- O nazismo implantou o **control estatal da economía**, tratando de chegar á autarquía. Ademais, fomentouse a construción de grandes obras públicas e organizouse un potente

rearmamento, o que xerou un **fortísimo crecemento económico** en Alemaña.

Ademais, a Alemaña hitleriana emprendeu unha **política expansionista**, especialmente evidente a partir de 1936, co obxectivo de lograr un ***III Reich*** (o Terceiro Imperio alemán) que dominase Europa. Destaca a anexión do Sarre tras un referéndum democrático, o *Anschluss* ou reunificación con Austria baixo dominio alemán e a anexión dos Sudetes, rexión de maioría alemana situada en Checoslovaquia. Esta agresiva política exterior acabou desembocando no estoupido da Segunda Guerra Mundial.